

## REGULAMENTO DO II CAMPIONATO DE PESCA DO CALAMAR CONCELLO DE CAMARIÑAS. 2017

**DÍA: venres 18 de Agosto**

**HORARIO:** O horario do concurso estará comprendido entre as 22h ata as 01:00 Prégase que @s participantes estean preparad@s dende as 21'45h nas zonas acotadas para tal efecto.

**LUGAR:** Peirao de Camariñas.

**PARTICIPANTES:** Poderán participar todas aquelas persoas interesadas de 8 anos (cumpridos ou vaían cumprilos no 2017) ou máis. @s participantes de 16 anos ou maiores **deberán ter a licenza de pesca** tramitada na data do campionato. As persoas participantes menores de 15 anos de idade deberán estar acompañadas dun adulto responsable.

**INSCRICIÓN:** Na Casa de Pedra, preguntar por María Jiménez, de 9 a 13'30h ou en [adl@camarinas.net](mailto:adl@camarinas.net), ata o luns día 14 de Agosto. Para máis información 981 737 004. Os menores de idade deberán cubrir e entregar autorización paterna.

Tamén se poderá facer a inscrición na Oficina de Turismo, en horario de luns a domingo de 10,30-14,30h e de 16-20h ata o luns 14 de agosto, incluído.

Na folia de inscrición deberá indicarse o nº de licenza federativa e xuntar copia da mesma.

As persoas participantes de 16 anos ou máis deberán entregar copia da licenza de pesca da Xunta de Galicia para poder participar no campionato.

**CUSTO DA PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO: 0€**

### **NORMATIVA:**

- Non se poderán usar linternas para atraer aos calamares enfocadas directamente ao mar.
- Dúas canas ou sedais, con un máximo de 6 anzós (os cebos artificiais consideraranse como anzós)
- Só se poderán usar dúas poteiras por concursante en acción de pesca.
- As persoas participantes deberán levar chalecos reflectantes durante o campionato.

### **CAPTURAS**

1.-Considéranse válidas: As que cumpran a medida mínima legal establecida polo Organismo Autonómico competente como especies obxecto de pesca para a Competición, obtidas en tempo e forma.

2.- Non se considerarán válidas: As pezas que teñan máis dun amocelo na boca ou fóra dela de distintos participantes. As que non superen a medida legal establecida. Os calamares manipulados ostensiblemente. A presentación na pesaxe de capturas non válidas, faculta ao Xuíz ou Xuíces da competición para descualificar as pezas e deducir a puntuación que lles correspondería en caso de ser consideradas como válidas.

3.- As capturas presentadas na pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga o calquera outros corpos alleos ás capturas mesmas. Cun tamaño de 10cm ou máis.

4.-Cada participante poderá levar as súas propias capturas en caso contrario, estas serán doadas a Cáritas Parroquial de Camariñas.

5.- As capturas serán pesadas na Lonxa.

**TROFEOS: O sábado día 19 será a entrega dos trofeos na Plaza do Mercado ás 12,00h.**

### **CATEGORÍA INFANTIL:**

**AO PESO TOTAL DE CAPTURAS: 3 TROFEOS (1º, 2º e 3º)**

**O MAIOR CALAMAR 1 TROEFO.**

### **CATEGORÍA DE 16 OU MÁIS ANOS:**

**AO PESO TOTAL DE CAPTURAS: 3 TROFEOS (1º, 2º e 3º)**

**AO MAIOR CALAMAR 1 TROFEO.**